

**ACTA DO PLENO DO CONSELLO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO
SOSTIBLE DE 26 DE XANEIRO DE 2022**

Sendo as 16.30 horas do día vinte e seis de maio do 2022 comparecen telematicamente os membros do pleno do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento sostible que se sinalan de seguido, co fin de celebrar sesión ordinaria convocada para esta data ás 16.00 horas en primeira convocatoria e ás 16.30 horas en segunda

ASISTENTES

D^a Ángeles Vázquez Mejuto - Conselleira de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (Presidenta)

D^a María Mar Ferreiro Broz - Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental (secretaria)

VOGALÍAS:

- D. José María Lago García - subdirector xeral de Acción Exterior e de Cooperación Transfronteiriza, como suplente da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE
- D^a María Encarnación Rivas Díaz - Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo
- D^a M^a Sagrario Pérez Castellanos - Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

☐ Invitado como responsable da política sectorial: Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos. Manuel Díaz Cano.

- D. Enrique Luis De Salvador Sánchez- Instituto de Estudos do Territorio
- D^a. Belén M^a do Campo Piñeiro - Dirección Xeral de Patrimonio Natural

☐ Invitados como responsables da política sectorial:

Subdirector Xeral de Espazos Naturais: D. Tomás Fernández-Couto Juanas

Xefe do Servizo de Parques Naturais: D. Antonio Rodríguez Fernández

- D^a. Teresa M^a Gutierrez López - Augas de Galicia

- D^a. Isabel Castro Sánchez – subdirectora xeral de Enerxía como suplente da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
- D^a. Inés Mato Naveira- subdirectora xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde, como suplente da Dirección Xeral de Saúde Pública
- D^a. Pilar Martínez Sanchez - xefa do Servizo de Voluntariado e Participación, como suplente da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.
- D. Manuel Rodríguez Vázquez – Director Xeral de Defensa do Monte.
- D^a Mercedes Rodríguez Moreda - Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica.
- D^a M^a Eugenia Pérez Fernández -subdirectora xeral de Innovación, Orientación E Formación De Recursos Humanos, como suplente da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.
- D^a Covadonga Toca Carús - Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social.
- D. Francisco Méndez Gómez - Comisións Obreiras de Galicia
- D. Jose Luis Fernández Celis - Unión Xeral de Traballadores Galicia
- D. Antonio Quintana García - Central Sindical Independente e de Funcionarios
- D. Luis de Valdivia Castro - Confederación de Empresarios de Galicia
- D^a. Mada Malendrez - Federación Ecoloxista Galega.
- D. Fins Eirexas- Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia
- D. Serafín González Prieto - Sociedade Galega de Historia Natural
- D^a Rosa Celia Otero Raña - Consello Galego de Consumidores e Usuarios
- D. Fernando Rois Rois - Confederación Galega de Asociacións Veciñais
- D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo - Universidade de Vigo

- D Manuel Soto Castiñeira - Universidade da Coruña
- D. Alfonso Villares Bermúdez – FEGAMP
- Diego Sánchez Agra- Sindicato Labrego Galego
- D. Jose Antonio Pérez Sieira - Federación Galega de Confrarías de Pescadores

A sesión do Pleno convocouse coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Proxecto de Decreto ../2021, do ..., polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.
3. Enerxía eólica: Trámite Ambiental.
4. Rogos e preguntas.

A reunión comeza en segunda convocatoria, de forma telemática.

Deliberacións:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión do 19 de maio de 2021.

2. Proxecto de Decreto ../2021, do ..., polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

A Presidenta introduce o segundo punto da orde do día agradecendo a todas as persoas que traballaron activamente neste PRUX, tanto da administración como todo tipo de asociacións, alcaldes e á xente do territorio que se implicou moito e que nos permitiu aprobar unha nova Lei de Patrimonio Natural e da Biodiversidade de Galicia, aprobar cinco PRUXS e agora o sexto, crear a rede de reservas da biosfera de Galicia, e xa son sete, e tamén coa boa nova de que o ano 2021 foi o da aprobación da sétima reserva da biosfera, e continuar a traballar no das fragas do Eume neste ano 2022.

A Presidenta dálle a palabra a Belén do Campo Piñeiro, Directora Xeral de Patrimonio Natural, para que explique polo miúdo o novo Plan Reitor de Uso e Xestión.

A directora xeral describe as características do parque natural, tanto no relativo á flora, como á fauna, a súa ubicación, recursos hídricos, climatoloxía e edafoloxía, unidades de paisaxe, corredores ecolóxicos, incendios forestais no ámbito do parque e os usos permitidos, autorizables e prohibidos, facendo especial referencia aos usos agrogandeiros e forestais. Tamén se sinalan as catro zonas nas que se divide o parque e establece as medidas de xestión e os programas de actuación.

Dáse por informado o PRUX do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e, se ben inicialmente non se presentou ningunha pregunta ou observación sobre este PRUX, os vogais, a posteriori, piden a palabra polo chat, polo que se lles indica que se toma nota das peticións e se lles dará a palabra ao final de todas as presentacións dos asuntos da orde do día.

3. “Enerxía eólica: Trámite Ambiental”.

A presidenta traslada que de conformidade co compromiso asumido na anterior sesión do COGAMADS se incluíu un punto específico na orde do día para explicar a participación da consellería na tramitación administrativa dos parques eólicos, en concreto a tramitación da súa avaliación.

Introduce a presidenta este punto para explicar que efectivamente existía un número importante de solicitudes de parques eólicos debido a aprobación por parte do Goberno, (sen ningún tipo de planificación previa e sen consulta das CCAA), do Real Decreto lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica. Conforme a dita norma se as instalacións eólicas queren manter o acceso e a concesión as redes de transporte e distribución de electricidade deberán obter unha DIA antes de decembro do 2021 ou marzo de 2022, o que determinou unha avalancha de solicitudes.

Así mesmo están aumentando as solicitudes de parques eólicos porque o Estado, que ten competencia plena para tramitar os de máis de 50 MW está tramitando a súa implantación prescindindo dos informes desfavorables da CCAA.(polo momento un total de 37).

Pola contra Galicia ten aprobado un plan sectorial eólico que establece as áreas onde se pode desenvolver ou facer o desenvolvemento eólico e normativa específica que permite que o 77,4% do territorio está blindado, posto que non se poden autorizar proxectos eólicos fora ás áreas.

E por iso que Galicia e as outras CCAA teñen manifestado no seo das conferencias sectoriais do MITERD a súa desconformidade co xeito de actuar por parte do goberno por provocar unha avalancha de parques sen planificación e por non respectar a ordenación territorial das comunidades autónomas, ina que se pode dicir que Galicia é a única que ten unha planificación sectorial e ambiental. E froito da presión exercida por todas comunidades autónomas, o goberno tivo que aprobar unha moratoria dos prazos para obter declaracións de impacto ambiental en prazos curtísimos o que era imposible de nove meses, porque era imposible, totalmente imposible. Así as cousas, o goberno central decidiu organizar un grupo de traballo conxunto, liderado pola Secretarías de Estado de Enerxía e de Medio Ambiente, para reconducir o problema e ata momento só se reuniu unha vez, o 28 de decembro.

Toma a palabra a continuación o xefe de servizo de avaliación ambiental que fai unha detallada exposición da normativa ambiental que regula a tramitación da avaliación ambiental de proxectos, centrándoo fundamentalmente no que é a autorización dos parques eólicos e dos trámites que incorpora para garantir a participación no procedemento de todos os interesados e para garantir que todo proxecto debe ser compatible coa protección do medio ambiente para poder ser autorizado.

A secretaria da conta das solicitudes de intervención para o punto dous da orde do día da FEG, CCOO e SGHN e, en relación ao punto tres da orde do día por parte da SGHN, ADEGA, FEG e SLG.

Polo tanto dáse á palabra a todos os asistentes para que fagan os rogos e preguntas que estimen pertinentes (xa dentro do último punto da orde do día).

En primeiro lugar se escoitan as observacións sobre o PRUX que formularan os representantes da Federación Ecoloxista Galega, a Sociedade Galega de Historia Natural e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais, ás que se deu contestación pola Dirección Xeral e a Presidencia.

A continuación dáse prazo aos asistentes para máis rogos e preguntas, formulándose preguntas por parte dos representantes da Sociedade Galega de Historia Natural, ADEGA, Federación Ecoloxista Galega e Sindicato Labrego Galego respecto de sentenzas recentes en materia de prazos de información pública ambiental, fraccionamento de proxectos, respecto da rede natura e formulándose rogos en relación non xa coa tramitación ambiental senón respecto da tramitación substantiva dos parques eólicos. Así, que se teñan en conta á poboación local, que non se tramiten por Industria máis parques en tanto non chega o informe que está elaborando o MITERD sobre o impacto dos parques eólicos nas reservas da biosfera, e solicitan que o Pleno do COGAMADS adopte un acordo sobre a paralización das concesións de parques eólicos mentres non se revise o Plan Sectorial Eólico de Galicia e se promova un cambio na lexislación vixente a tales efectos.

Toma a palabra a presidenta para ir dando resposta ás intervencións en materia de avaliación ambiental da enerxía eólica, cinguíndose ao punto da orde do día que inclúe exclusivamente o informe sobre a tramitación da avaliación ambiental, poñendo en valor labor dos funcionarios da Xunta de Galicia que tramitan os procedementos de avaliación ambiental, e recordando que son técnicos profesionais que acadaron os seus postos por oposición e que desenvolven a súa labor con total transparencia e con independencia da cor do Goberno en cada momento.

Deixa constancia de que actualmente nunca se informa favorablemente un Parque eólico en Rede Natura, turbeiras, Zona de vó da auga, etc, recalcando a transparencia da actividade administrativa, podendo consultar a través do Instituto de Estudos do Territorio as cualificacións e o acoutamento das distintas zonas; que a maioría das sentenzas sobre eólicos son favorables aos proxectos inda que sempre hai que aprender, e que as desfavorables son recorribles para fixar a doutrina adecuada e dar a todos unha maior seguridade xurídica.

Reitera que planificar o despegue da enerxía eólica é competencia do Estado e pon en valor as achegas das distintas organizacións sociais, deixando constancia de que trasladará as súas demandas, que son parte tamén súas, ao Ministerio correspondente.

Finalmente ao non haber máis rogos e preguntas agradece a asistencia dos membros do Consello á reunión e o traballo da DXPN na elaboración e aprobación dos PRUX, poñendo de manifesto que se está a traballar na aprobación do PRUX das Fragas do Eume, e da por pechada a reunión.

ACORDOS

1 Dar por informado o Decreto ../2021, do ..., polo que se modifica o Decreto 64/2009, do 19 de febreiro, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés e polo que se aproba o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

ANEXOS

- Acta da sesión do 19 de maio de 2021.

- Presentación do Plan de ordenación dos recursos naturais do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés do seu Plan Reitor de Uso e Xestión.

A Secretaria

CONFORME

A PRESIDENTA